



BASES DE SELECCIÓN PARA CONTRATAR CAPATACES PARA CAMPAÑA DE LIMPEZA DE PRAIAS 2012.

1º) Obxecto da convocatoria. As presentes bases teñen por obxecto a regulación do procedemento selectivo para a creación dunha Bolsa de Emprego para cubrir as posibles contratacións laborais temporais da campaña de verán 2012, para desempeñar as funcións de capataz de limpeza de praias do municipio de Porto do Son, estas contratacións están financiadas pola Deputación da Coruña e polo Concello de Porto do Son. A efectividade das contratacións estará condicionada a achega da subvención provincial.

2º) Número de prazas: 3.

3º) Tipo e duración do contrato. Contrato laboral temporal para a realización de obra ou servizo determinado. A duración do contrato será de **65 días naturais, a xornada parcial** (24 horas semanais) e coas seguintes retribucións: 897,34 euros brutos/mes, incluída a parte proporcional da paga extraordinaria.

A xornada de traballo semanal, respectando en todo caso os períodos de descanso legalmente establecidos, determinarase pola Concellería competente. (Coa finalidade de organizar a limpeza os domingos ou como resulte procedente).

4º) Obxecto do contrato. O persoal contratado realizará o traballo de capataz de limpeza de praias do municipio de Porto do Son realizando, en réxime de dispoñibilidade plena, as seguintes funcións:

- Mantemento e limpeza de praias e areas.
- Traslado dos peóns de praia integrados na súa brigada aos lugares de traballo desde o punto de partida e devolución ao mesmo logo de rematar a xornada.

Así mesmo, realizará aquelas outras tarefas que lle poidan asignar os órganos municipais competentes ou os seus superiores xerárquicos para a satisfacción das necesidades propias do servizo de obras e medio ambiente.

Os traballadores terán como punto de partida e chegada ao seu posto de traballo o edificio do Concello de Porto do Son ou aqueles outros lugares que se determinen segundo o plan de traballo.

5º) Requisitos xerais dos aspirantes. Os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos, referidos á data na que remate o prazo de presentación de instancias:

a) Ser español ou cidadán dos estados membros da Unión Europea, ou daqueles outros con respecto aos que, en virtude de tratados internacionais coa Unión Europea ratificados por España, sexa aplicable a libre circulación de traballadores.

b) Ter cumpridos os 16 anos de idade e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

c) Non padecer enfermidade ou eiva física que impida o desenvolvemento dos traballos de capataz de limpeza de praias.

d) Non estar separado do servizo de ningunha Administración pública en virtude de expediente disciplinario nin inhabilitado por sentenza firme para o exercizo de funcións públicas.

e) Non incorrer en ningunha das causas de incompatibilidade que determine a lexislación vixente.

f) Carné de conducir B e vehículo propio.



g) Ser desempleado inscrito nos Servizo Público de Emprego de Galicia.

6º) Publicidade da convocatoria. Anuncio no taboleiro de edictos da Corporación e no xornal El Correo Gallego.

7º) Solicitudes. As persoas interesadas deberán presentar a correspondente solicitude dirixida ao Sr. Alcalde, consonte ao modelo que se facilitará nas oficinas municipais, no rexistro xeral do Concello de 9:00 a 14:00 horas. **O prazo de presentación de solicitudes será de 3 (tres) días hábiles a contar desde o día seguinte ao da publicación do anuncio no xornal El Correo Gallego.**

Coa solicitude deberanse achegar os seguintes documentos:

- fotocopia do DNI.
- fotocopia da tarxeta de demandante de emprego.
- carné de conducir B e declaración de non ter impedimento para a utilización do vehículo propio para a realización do traballo.
- fotocopia compulsada da documentación que xustifique os méritos que se aleguen.

8º) Desenvolvemento do proceso.

1. Experiencia:

- De capataz de limpeza nas administracións públicas:0,10 puntos por mes.

A puntuación máxima que se pode acadar pola experiencia será de 1 punto e acreditarase mediante certificado de empresa ou certificado de servizos prestados. Valorarase polo tribunal con carácter previo á realización do caso práctico.

2. **Caso práctico:** Puntuarase de 0 a 10 puntos, sendo necesario acadar un mínimo de 5 puntos para superar a proba, e consistirá en contestar a unhas preguntas tipo test que previamente determinará o Tribunal cualificador sobre cultura básica e coñecemento exhaustivo do Concello. **Publicarase no Taboleiro de Edictos do Concello a data, hora e lugar de realización deste proba.**

3. **Situación económica e social** (Puntuación máxima: 5 puntos):

Esta puntuación será o resultado da suma das puntuacións obtidas nos seguintes puntos:

a) **Nº membros da unidade familiar, comprobarase mediante a presentación do volante de empadronamento da unidade familiar:** (1 punto)

- ata 2 membros: 0 puntos
- ata 3 membros: 0,30 puntos
- ata 4 membros: 0,40 puntos
- mais de 4 membros: 0,60 puntos
- monoparental con 1 fillo: 0,80 puntos
- monoparental con mais dun fillo: 1,00 punto.

b) **Antigüidade como demandante de emprego, comprobarase mediante a presentación de certificado da Oficina de Emprego:** (1,5 puntos)

- de 6 a 12 meses: 1punto.
- mais de 12 meses: 1,5 puntos.

c) **Por ter recoñecida minusvalía igual ou superior ó 33%** (que lle permita a realización dos traballos inherentes ó posto): 0,50 puntos, **comprobarase mediante a presentación da fotocopia de recoñecemento da minusvalía.**



d) **Informe dos servizos sociais sobre a súa situación persoal e de vulnerabilidade** (1,50 puntos), segundo a situación social.

e) **Por ser voluntario e participar de forma activa na Agrupación de Voluntarios de Protección Civil de Porto do Son e no Voluntariado de Porto do Son:** acreditarase documentalmente: 0,50 puntos.

9º) Puntuación final. Os candidatos seleccionados serán os que obteñan maior puntuación. En caso de empate realizarase un sorteo público entre os afectados. Co resto de solicitantes formarase unha bolsa de traballo para cubrir posibles vacantes ou para atender necesidades imprevistas ordenados de maior a menor en función da puntuación obtida.

10º) Tribunal calificador: estará composto do seguinte xeito:

- Presidente: Juan Manuel Blanco Rodríguez.
- Vogais: Sonia Pérez Lado.
- Secretario: Julio. F. Seijas Arufe.

11º) Formalización dos contratos: Formalizaranse por escrito pola Alcaldía cos candidatos seleccionados.

Porto do Son, 20 de xuño de 2012.

O Alcalde.

Asd. José Luis Oujo Pouso.





MODELO DE INSTANCIA.

D/Dna. _____ de _____ anos, con
domicilio en _____ nº _____, piso _____
C.P. _____, teléfono _____, D.N.I. _____

EXPÓN:

1º) Que desexo participar no proceso selectivo convocado polo Concello de Porto do Son para a selección de **3 CAPATACES DE LIMPEZA DE PRAIAS.**

2º) Que reúno todos os requisitos esixidos referidos á data de finalización do prazo sinalado para a presentación da solicitude nas Bases, que acepto e declaro coñecer, e que son certos os datos obrantes na presente instancia, comprometéndome a probar documentalmente todos os datos que figuran nesta solicitude.

Adxunto coa presente instancia, segundo dispón a Base 7ª da convocatoria: (SINALAR CUN X)

- - fotocopia do DNI.
- - fotocopia da tarxeta de demandante de emprego.
- - Fotocopia do carné B, así mesmo declaro que non teño impedimento para a utilización do vehículo propio para a realización do traballo.
- - documentación reflectida no punto 8º.

- Por todo o exposto, SOLICITO:

SER ADMITIDO A PARTICIPAR NO PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN PARA AS TRES PRAZAS DE CAPATACES DE LIMPEZA DE PRAIAS, EN RÉXIME DE CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DO CONCELLO DE PORTO DO SON.

En Porto do Son, ____ de _____ de 2012.

(sinatura)

SR. ALCALDE PRESIDENTE DO CONCELLO DE PORTO DO SON.